

momento. Así mesmo, tratará de ser flexible, adaptándose ás necesidades peculiares do grupo correspondente. Realizaranse habitualmente boletíns de exercicios e tratarase de estimular a curiosidade do alumnado con preguntas relacionadas co currículo pero que favorezan a práctica de buscar e seleccionar información. É importante nestes cursos que os alumnos, a base de práctica, adquiran uns hábitos propios da linguaxe matemática en particular -e da comprensión lectora en xeral- dos que se beneficiarán nos cursos vindeiros, así como que a medida que avanza nos cursos eviten erros comúns e sexan máis precisos e esixentes coa sintaxe.

A metodoloxía nos casos de reforzos fóra da aula e adaptacións curriculares significativas será máis flexible para adaptarse ás necesidades dos alumnos.

Valorarase tamén a conveniencia de participar en proxectos e concursos (como xa se vén facendo desde hai anos), dependendo do nivel medio do curso e da implicación dos alumnos.

-Materiais curriculares e outros recursos

- Utilizaranse os libros de matemáticas da editorial SM (en 3º e 4º, orientado ás ensinanzas académicas), se ben serán máis unha ferramenta útil para o alumno e o profesor que un manual a seguir ó cen por cen.
- Boletíns de exercicios.
- Outro material, a utilizar esporadicamente, son os xornais e revistas, especialmente no relativo á interpretación de estudos estatísticos e gráficos ou a novas de matemáticas (pouco habituais), especialmente se se refiren a algún acontecemento especial do ano correspondente (anos dedicados a un personaxe, a algunha disciplina científica, etc). Isto poderá modificar, en parte, a programación para o ano correspondente.
- Usarase a calculadora científica (en 3º e 4º e, excepcionalmente, en 2º) como apoio tecnolóxico necesario para o desenvolvemento da materia. O uso das TIC centrarase na utilización de recursos de Internet e de programas específicos, tales como Graphmatica, GeoGebra ou Excel, especialmente nos últimos cursos da ESO
- O blog de ciencias do colexio (*arquimedianos21*), desde o que se tentará que os alumnos participen na resolución de problemas e na lectura de diversas comunicacións de carácter científico.
- Encerado dixital.
- Na medida do posible, utilizarase outro material didáctico que teña o centro, como figuras xeométricas en 3D, clinómetro e calquera outro que permita aumentar a eficacia do ensino.
- Aula virtual.

9-Procedementos de avaliación

9.1.- Avaliación ordinaria

Nos primeiros días do curso farase a tódolos alumnos unha avaliación inicial para, deste xeito, coñecer o seu nivel de contidos e competencias e valorar a posible adaptación ou repaso de contidos que conveña facer. Esta avaliación seguirá os criterios do curso anterior.

O curso estará dividido en tres avaliacións, cuxas datas se especificarán no Plan Xeral Anual. Finalmente, haberá unha convocatoria ordinaria e outra extraordinaria no mes de xuño.

A forma habitual de avaliar será mediante probas escritas (ou, eventualmente, orais) nas que se fará fincapé nos contidos mínimos esixibles para o alumno. Terase en conta, tamén, a comprensión lectora e a corrección na escrita, a coherencia do expresado e a presentación do exame (tal e como se concreta no Plan de Mellora).

Faranse, así mesmo, exames de recuperación de cada avaliación suspensa ou ben antes de rematar esta ou ben despois, dependendo da dispoñibilidade temporal. En caso de que o alumno aprobe, quedará recuperada a avaliación correspondente.

Outro instrumento de avaliación, como xa se indicou, será a observación e valoración da actitude diaria do alumno (traballo, participación en clase, etc).

Na convocatoria ordinaria o alumno só se examinará das avaliacións suspensas. A cualificación sairá da media ponderada entre a nota do exame e as das avaliacións aprobadas. Este exame final, máis sinxelo cós de cada avaliación, poderá ter unha redución de contidos, da que se informará ós alumnos.

A perda do dereito á avaliación continua aplicarase a alumnos cuxo absentismo iguale ou supere o 30% do horario lectivo da materia na data da avaliación. Os alumnos terán dereito a presentarse ós exames finais. No curso 2013-14 estableceuse un protocolo para evitar casos de absentismo continuado que se seguirá a manter durante este ano.

9.2.- Avaliación extraordinaria

O alumno que fose avaliado negativamente na proba ordinaria de xuño realizará un exame de todo o estudado durante o curso na proba extraordinaria do mesmo mes. Este exame será máis sinxelo cós de cada avaliación, suprimíndose algúns contidos e informando ós alumnos do máis destacable do que se deu durante o curso. A nota máxima desta avaliación será de 6 puntos.

10 - Criterios de cualificación

Materias	Criterios de cualificación	Peso	Observacións
	Nota media dos exames, tendo en conta que na nota final de cada exame se valorarán os coñecementos conceptuais dos alumnos, así coma as súas destrezas no cálculo e a precisión na linguaxe matemática e na		Non se fará media con exames cuxa nota sexa inferior a 3. Terase en conta a limpeza, claridade e presentación, podéndose restar puntos

Matemáticas ESO	comprensión dos textos. Posto que nos exames finais hai unha redución importante de contidos, a cualificación máxima da avaliación extraordinaria será de 6.	80 %	cando estes aspectos sexan descoidados habitualmente.
	Preguntas orais en clase. Asistencia e actitude en clase (puntualidade, esforzo, atención, participación, etc.) Realización das tarefas de casa. Revisión de cadernos (1º, 2º) Realización de traballos e exercicios (tendo en conta, nestes, a presentación, puntualidade na entrega, corrección na expresión, etc), problemas formulados, cuestións do blog,...	20 %	Será requisito indispensable para aprobar realizar habitualmente os deberes. Este 20% non computará se hai faltas habituais de disciplina na clase, das que se informará ós pais ou titores legais cun parte de incidencias.
	<p><u>Aspectos a ter en conta:</u></p> <p>-As faltas habituais de puntualidade ou o absentismo poderán supoñer unha cualificación negativa na materia.</p> <p>-O abandono da materia por parte do alumno será considerado razón suficiente para una cualificación negativa, así como para ser dado de baixa dos programas de reforzo.</p> <p>-En caso de dúbida nas cualificacións ordinaria e extraordinaria (especialmente se afecta á promoción ou á titulación) terase en conta o historial do alumno durante o curso.</p> <p>- A cualificación máxima para alumnos con reforzo fóra da aula ou ACI será de 6 puntos.</p>		

O redondeo farase como segue:

	Avaliación/ Recuperación da avaliación	Xuño/Cursos anteriores
Cifra decimal < 7	Nº enteiro anterior	Nº enteiro anterior

Cifra decimal ≥ 7	Redondeo á alza a consideración do profesor segundo o merecemento do alumno, especialmente no que a actitude diaria se refire (incluído o caso de cualificacións no rango de 4 a 5)	Redondeo á baixa (dado o relaxamento dos contidos), salvo no rango de cualificación de 4 a 5, que se fará á alza en xeral, agás no caso de alumnos cunha actitude moi negativa durante o curso.

11- Programa de recuperación

11.1.- Materia do curso

Indicado no apartado 9.1.

11.2.-Materia pendente de cursos anteriores

<i>Materia pendente</i>	<i>Criterios de cualificación</i>
Matemáticas 1º ESO	<p>O alumno recuperará a materia se entrega un boletín de exercicios (puntualmente, ben presentados e ben feitos) despois de Nadal e supera unha pequena e sinxela proba.</p> <p>Se o alumno non entrega o boletín de exercicios correctamente realizado deberá superar o exame correspondente, diferente á proba anteriormente mencionada.</p> <p>Cualificación máxima: 6 puntos</p>
Matemáticas 2º ESO	<p>Os exercicios de repaso que o alumno deberá entregar (puntualmente, ben presentados e ben feitos) no curso de 3º valerán un máximo de 3 puntos. O alumno deberá realizar un exame para completar a nota ata o aprobado.</p> <p>Tanto en 1º como en 2º analizaranse os exames e indicaráse ó alumno e ó profesor de reforzo que erros se deben corrixir para a recuperación.</p> <p>A cualificación máxima será de 6 puntos.</p>

Matemáticas 3º ESO	<p>Entrega de ejercicios de repaso cada venres desde outubro ata decembro/xaneiro (avaliables).</p> <p>Entrega obrigada de boletín de exercicios na primeira convocatoria do exame á que se presente: 30% da cualificación total. Exame: 70% da cualificación total. Se o boletín ten unha cualificación moi superior a do exame, o profesor poderá esixir ó alumno que lle explique, presencialmente, a resolución dalgúns exercicios para comprobar que é da súa autoría. Non facelo ou facelo mal implicará a anulación da nota do boletín.</p> <p>A cualificación máxima será de 6 puntos.</p>
--------------------	--

Outras medidas adicionais serán consignadas nas follas que a tal fin se inclúen no expediente do alumno. As probas de recuperación de cursos anteriores serán en febreiro (segundo criterio do departamento) e maio, e versarán sobre os contidos mínimos. Cada profesor do departamento poderá, ademais, realizar outro tipo de probas se algún alumno ou curso ten características propias que o xustifiquen.

12- Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade serán de tres tipos:

- Reforzo, para os alumnos con dificultades importantes.
 - a) Fóra da aula (casos de alumnado con máis dificultades)
 - b) Na aula (casos de alumnado con menos dificultades)

- Adaptacións curriculares significativas (fóra da aula).

As medidas de reforzo educativo aplicaranse especificamente a aqueles alumnos que traballen a materia e nos que se detecten dificultades na aprendizaxe. Previamente ó comezo do curso, o profesor da materia falará co do curso anterior para tratar de valorar que alumnos poderían ser susceptibles de recibir medidas de reforzo. A decisión final será tomada unha vez realizada a avaliación inicial. Durante o tempo que dure o reforzo, o profesor correspondente deixará constancia por escrito da súa valoración da evolución do alumno e a conveniencia ou non de seguir con esta medida. Trimestralmente farase un informe sobre a marcha de cada un destes alumnos, que se entregará ó titor. Este fará chegar unha copia á orientadora. A avaliación dos alumnos seguirá os criterios xerais, pero atendendo especialmente ó desenvolvemento das capacidades e destrezas matemáticas básicas na ESO.

Reforzo fóra da aula

- Para alumnos con dificultades non imputables á súa falta de estudo.
- Cun profesor diferentes e con contidos reducidos.
- Grupos reducidos.
- Valoración trimestral e posible saída ou incorporación de novos alumnos.
- Exames e avaliación propios.
- A cualificación máxima, neste caso, será de 6 puntos.

Reforzo na aula

- Para alumnos con dificultades menores e non imputables á súa falta de estudo.
- Co profesor de área.
- Exames con contidos seleccionados.
- A cualificación máxima será de 6 puntos.

ACI

As adaptacións curriculares significativas estarán enfocadas a alumnos con necesidades educativas especiais e durarán un curso escolar. Previamente farase unha valoración das necesidades e capacidades do alumno e un informe elaborado polo Departamento de Orientación, unha vez oídas as opinións do profesor da área e do titor. Por ser unha medida significativa, os contidos, criterios de avaliación e metodoloxía estarán adaptados ás capacidades do alumno.

Para os alumnos que veñan do estranxeiro, seguirase un protocolo de actuación (Plan de Acollida) no caso de descoñecemento das linguas da comunidade autónoma.

Toda a información sobre as MAD de cada alumno será incorporada ó seu expediente a final do curso.

13- Educación en valores

A educación en valores, que debe partir da familia, é unha materia transversal cuxa aplicación resulta especialmente útil na ESO, xa que esta é unha etapa chea de conflitos tanto persoais como interpersoais. En xeral, no ensino da materia inténtanse comentar feitos históricos que permiten entender os distintos puntos de vista que sobre moitos asuntos houbo ó longo dos séculos e como se solucionaron, de forma non sempre exemplar. O propio alumno debe aprender